



Resolución da Alcaldía

**Asunto: BASES PARA A CONTRATACIÓN DE TITORES DE EMPREGO
PARA O PROGRAMA INTEGRADO "MOVE T 2016-2017"**

Ao abeiro dos artigos 44 e 116 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 14 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro), o artigo 21.1g) e 102.1) da LBRL, e demais competencias que me confire a lexislación vixente, esta Alcaldía

RESOLVE:

Aprobar as bases que han de rexer para a provisión en réxime temporal e a tempo completo de dous (2) postos de persoal laboral na categoría de técnico medio de inserción laboral/prospección de empresas; no ámbito do desenvolvemento das accións do Programa Integrado para o Emprego "MOVE T 2016-2017" que promove o Concello da Baña xunto cos Concellos de Negreira, Santa Comba e Val do Dubra.

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É o obxecto da presente convocatoria a contratación, con carácter temporal e a tempo completo de dous (2) postos de persoal laboral na categoría de técnico medio de inserción laboral/prospección de empresas; no ámbito do desenvolvemento das accións do Programa Integrado para o Emprego "MOVE T 2016-2017" que promove o Concello da Baña xunto cos Concellos de Negreira, Santa Comba e Val do Dubra.

A contratación realizarase por obra ou servizo cunha duración de doce (12) meses. A duración deste contrato está vinculado ao desenvolvemento das accións previstas no Programa "MOVE T 2016-2017" programa integrado para o Emprego promovido polos Concellos da Baña, Negreira, Santa Comba e Val do Dubra a desenvolver nos anos 2016/2017, subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante Resolución da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral do 20 de maio de 2016, e de conformidade coa Orde do 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia, durante os anos 2016 e 2017 de Programas Integrados para o Emprego.

A xornada de traballo é a tempo completo no horario que se determine atendendo ás necesidades do servizo. Cando as necesidades do servizo o esixan, o traballo poderá realizarse en xornada partida de mañá e tarde e no horario que se determine.

A selección dos/as candidatos/as máis idóneos/as realizarase a través de procedemento de selección de concurso-oposición libre por vía de urxencia,

Resolución Num.:128/2016 17-08-2016
Documento firmado digitalmente. CVD: cLRQGikxNvXjUqV1bze
CN="TOURIS FERNANDEZ, MANUEL (AUTENTICACION)", GIVENNAME=MANUEL, SURNAME=TOURIS, SERIALNUMBER=78793374C, C=ES
El documento consta de un total de:6 páginas. Página 1 de 6.

motivada polo prazo obrigado de inicio das accións previstas na Resolución da subvención concedida a este Concello.

SEGUNDA. REQUISITOS DOS/AS PERSOAS ASPIRANTES.

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentar solicitudes:

- a) Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo isto nos termos do artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos os 18 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.
- c) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de función públicas.

Titulación requirida

Estar en posesión de titulación universitaria; diplomatura, licenciatura ou equivalente.

TERCEIRA. CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS.

Denominación: Técnico/a de Inserción Laboral-Prospección de empresas.

Nº de postos: 2

Grupo de clasificación profesional (artigo 22.1 do Estatuto dos Traballadores):

Grupo II

Titulación mínima esixible: Diplomatura Universitaria ou equivalente.

Outros coñecementos: coñecementos de galego

Contido funcional: As accións a desenvolver no posto son:

1. Desenvolver as accións de orientación e busca de emprego, determinación de itinerarios personalizados para a inserción laboral para os participantes no programa, así como a impartición da formación necesaria nesta materia.
2. Identificación de oportunidades de formación para os diferentes itinerarios de inserción definidos para cada usuario/a, colaboración na busca de empresas para a realización de prácticas laborais derivadas ou non de programas formativos.
3. Diseñar e desenvolver un programa de prospección do mercado laboral da contorna, captación de ofertas de emprego, de oportunidades laborais por conta allea propiciando o emparellamento entre as ofertas e os perfís dos/as usuarios/as do programa.
4. Fomentar e captar oportunidades de emprego por conta propia e impulsar o xurdimento de iniciativas dentro dos colectivos. Apoiar o proceso de constitución da empresa, a definición do modelo de negocio, a elaboración do plan de empresa e a posta en marcha.
5. Elaboración de informes e documentación necesaria para o desenvolvemento e xustificación das accións do programa.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@abana.dicoruna.es
www.concello.dabaña.es

6. Xestión de expedientes individualizados e en xeral as medidas que se dirixan a mellorar as posibilidades de ocupabilidade e inserción das persoas beneficiarias do Programa Integrado para o Emprego "MOVE T 2016-2017".

CUARTA. SOLICITUDES.

As solicitudes para formar parte desta convocatoria, nas que as persoas aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente da Corporación e presentaranse no rexistro xeral deste Concello, dende o día seguinte á publicación das presentes bases ata as 14:00 horas do día 24 de agosto de 2016, acompañadas da seguinte documentación:

- Copia do DNI.
- Copia do título esixido ou, no seu defecto, xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición do mesmo.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade segundo as disposicións vixentes.
- Copia da documentación acreditativa da experiencia profesional (acreditada mediante contratos, nóminas ou certificacións oficiais, e vida laboral actualizada).
- Copia compulsada da documentación acreditativa da formación que desexen lle sexa valorada na fase de valoración de currículos.

QUINTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O Tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros:

Presidenta: María Dolores Landeira Liñares, axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello da Baña, ou persoal en quen delegue.

Secretario: Celestino Amigo Liñares, secretario do Concello da Baña, ou persoal en quen delegue.

Vogais:

- Mónica Tomé Rey, informadora xuvenil do Concello da Baña ou persoal en quen delegue.
- Susana Pazo Meijide, traballadora social do Concello da Baña, ou persoal en quen delegue.
- Cristina Pereira Ulla, técnico de formación do Concello de Santa Comba, ou persoal en quen delegue.

SEXTA. SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN.

O procedemento constará de 3 fases: valoración de currículo, proba tipo tema e entrevista persoal.

1ª FASE: VALORACIÓN DE CURRÍCULOS:. Máximo 4 puntos.

A.- Formación complementaria.- Máximo 2 puntos, cun mínimo de 10 horas lectivas.

Por ter asistido a masters, cursos de formación, xornadas, conferencias,...en materias relacionadas con : mercado de traballo, formación ocupacional, orientación laboral, técnicas de comunicación e motivación, adestramento en habilidades sociais, relacións laborais, traballo e dinámica de grupo, resolución de conflitos e en xeral cursos relacionados coa intermediación laboral.

E sempre que a formación estea impartida, organizada ou homologada por administración públicas, universidades, organizacións sindicais, colexios oficiais ou escolas autorizadas para impartir formación:

Por cada curso de 10 horas lectivas: 0,03 puntos

B.- Experiencia profesional.- Máximo 2 puntos.

- Por cada período de seis meses de experiencia en:

Programas Integrados para o emprego.....0,50 puntos

Tarefas de orientación laboral/profesional, axente de emprego, técnico/a ou axente de inserción laboral.....0,20 puntos

Outras experiencias laborais realizando tarefas técnicas relacionadas co posto.....0,05 puntos

C.- Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado).

- Iniciación ou CELGA 2 ou 3: 0,50 puntos.

- Perfeccionamento ou CELGA 4: 1 punto.

2ª FASE: PROBA TIPO TEMA:. Máximo 4 puntos.

Os/As aspirantes deberán desenvolver un Itinerario Personalizado de Inserción que teña en conta a realidade laboral e socioeconómica que incumbe a calquera dos catro concellos: A Baña, Negreira, Santa Comba ou Val do Dubra. Esta programación, dun máximo de 6 folios a unha cara (portada incluída) en letra Times New Roman 12, interliñado sinxelo e marxes 3,3,3 e 2, deberá ser entregada polos aspirantes ao tribunal o mesmo día en que deban proceder á exposición da mesma. Os/As aspirantes disporán de 15 minutos para realizar a exposición da programación. A programación deberá ser orixinal e adecuada ao entorno no que pretende desenvolverse o programa.

3ª FASE: ENTREVISTA. Máximo 2 puntos.

O tribunal poderá realizarlle ás persoas aspirantes preguntas sobre o funcionamento dos programas integrados en xeral, experiencia laboral, interese no posto, capacidade de traballo en equipo, etc.

Mediante estas 3 fases as persoas aspirantes poderán acadar un máximo de 11 puntos. Consideraranse seleccionadas aquelas que acaden maiores puntuacións.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@abana.dicoruna.es
www.concello dabana.es

En caso de empate entre as persoas aspirantes dirimirase en favor da persoa con maior experiencia acreditada como titor/a, orientador/a ou promotor/a de emprego en programas integrados para o emprego.

SÉTIMA. PROPOSTA DO TRIBUNAL

Concluído o proceso selectivo, o Concello da Baña publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal as listaxes das persoas candidatas que se contraten e as listaxes de persoas suplentes, coas que se formará unha bolsa de traballo para cubrir posibles renuncias ou outras vacantes, ou para atender necesidades imprevistas.

OITAVA. CONTRATACIÓN

A Alcaldía-Presidencia resolverá a contratación das persoas aspirantes propostas polo tribunal, así como a relación de aspirantes que pasarán a formar parte da lista de substitucións.

NOVENA. RESOLUCIÓN.

O Tribunal de Selección poderá resolver todas as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e adoptar os acordos que resulten procedentes.

ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE:

D/D^a _____, con
DNI _____
e domicilio a efecto de notificacións en
_____,
teléfono _____ e correo
electrónico _____,

SOLICITA

Tomar parte no proceso de selección convocado polo Concello da Baña para a contratación laboral temporal por obra ou servizo determinado, de 2 técnicos/as de inserción laboral para o Programa Integrado de Emprego "MOVE'T 2016-2017", declarando que reúne os requisitos sinalados nas bases, que declara coñecer.

Achégase a seguinte documentación:

Resolución Num.:128/2016 17-08-2016
Documento firmado digitalmente. CVD: cLRQGikxNvXjUqV1bze
CN="TOURIS FERNANDEZ, MANUEL (AUTENTICACION)", GIVENNAME=MANUEL, SURNAME=TOURIS, SERIALNUMBER=78793374C, C=ES
El documento consta de un total de:6 páxina/s. Páxina 5 de 6.

SINATURA

En A Baña, a _____ de _____ de 2016.

A Baña 16 de agosto de 2016